

PROCEDIMENTO RESERVA HORARIA
4 PAVILLÓNS: ELVIÑA II, AGRA II, MONTE ALTO e MONTE DAS MOAS
A CORUÑA

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

OBRIGATORIO:

- Formulario habilitado con **datos administrativos** da entidade solicitante.
- **Certificación de alta no Rexistro de Entidades Deportivas** da Secretaría Xeral para o Deporte.
- **Certificación federativa**, conforme a entidade solicitante desenvolve actividade deportiva federada no momento da solicitude.
- **Copia da/s póliza/s de seguro/s** correspondentes, no caso de organización de eventos.

LUGAR DA SOLICITUDE

- Na sede da FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO en A Coruña:
 - Técnica responsable: Sonia Martínez Jiménez
 - **Presencial:** Complexo Deportivo de Elviña.
Praza de Agustín Díaz nº 1.
15008 A Coruña
 - **Por teléfono:** 678 634 974
 - **Telemáticamente**, na páxina web ou aplicación informática habilitada pola FDG aos efectos.
 - **Por correo electrónico:** sonia.martinez.jimenez@xunta.gal

PRAZO DE SOLICITUDE

- Do 15 de xuño ao 15 de agosto de cada ano.

PROCEDIMENTO

- Unha vez realizada a solicitude, entre o 16 e o 30 de agosto, a FDG **confirmaralle** por correo electrónico a cada solicitante a resolución da súa solicitude.
- O **período máximo de confirmación da reserva** será do **1 de setembro ao 30 de xuño** de cada tempada deportiva, de modo que unha vez rematada a mesma, no caso de seguir interesadas, terán que proceder á súa renovación.
- A instalación reservada e confirmada **non poderá cederse ou alugar** a unha terceira entidade por parte da solicitante.
- As entidades que vexan confirmada a súa solicitude **poderán darse de baixa** da mesma antes do remate da tempada en curso, tendo que comunicalo á FDG antes do inicio de facturación dun novo mes.

PAGAMENTO

- O **pagamento dos alugueres** deberán realizarse con posterioridade ao uso das instalacións, **entre os días 1 e 10 do mes seguinte**, podendo realizarse dos seguintes xeitos:
 - **Telemáticamente**, na páxina web ou aplicación informática habilitada pola FDG aos efectos.
 - Mediante **transferencia bancaria** ao nº de conta da FDG que se lle confirme á entidade.
 - **Presencialmente, en efectivo**, na propia sede da FDG en A Coruña.
- **Tarifa de prezos** para o ano 2022 (revisable en xaneiro de cada ano):
 - *Federados: 15,30 €/hora
 - *Non federados: 30,47 €/hora

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

A confirmación de reserva realizarase en base á aplicación da orde dos seguintes criterios:

1º Centros CEIP e IES en horario lectivo.

2º Actividades extraescolares e AMPAS.

3º Federacións Deportivas Galegas:

1. Competicións oficiais (internacionais/estatais/autonómicas/comarcais/locais).
2. Seleccións españolas/autonómicas.
3. Núcleos de tecnificación.

4º Entidades deportivas federadas, segundo:

- **Ámbito xeográfico** da competición:
 1. Estatal
 2. Autonómica
 3. Provincial
 4. Local
- **Proximidade xeográfica** da razón social dos clubs á instalación:
 1. Local
 2. Provincial
- **Categoría de idade** da competición:
 1. Absoluta.
 2. Intermedia (sub 23, sub 21, sub 20, sub 18.....)
 3. Previa absoluta e sucesivas (xunior, xuvenil, cadete, infantil, preinfantil...).
 4. Veteráns, másters...

- **Número de licenzas federadas.**

1. Licenzas de competición.
2. Licenzas de iniciación, recreación....

5ª Entidades deportivas non federadas: peñas, sociedades, empresas....

6º Outros colectivos: particulares, universitarios...